





# ACLARACIÓN A APLICACIÓN DO PROTOCOLO FISICOVID - DXTGALEGO FGB E Á POSTA EN MARCHA DAS COMPETICIÓN 2020 -2021




## PROTOCOLO FISICOVID DXTGALEGO FGB

-  **Este protocolo está destinado a cumprirse por parte de todos os equipos de Baloncesto de carácter federado en Galicia.**

## ADESTRAMENTOS

-  **Dende a publicación definitiva do Protocolo FISICOVID – DXTGALEGO FGB aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte, os equipos federados xa poden realizar os seus adestramentos **CON** contacto, sempre e cando se faga con máscara e cun máximo de 25 persoas en pista.**
-  **Aqueles equipos federados que desexen seguir adestrando sen contacto poden facelo. Neste caso, poderán adestrar sen máscara unicamente se se cumpre a distancia de seguridade de, polo menos, un metro e medio entre os deportistas.**
-  **Se dúas pistas contiguas de adestramento están suficientemente separadas para cumprir coa distancia de seguridade e para que os participantes de ambas as pistas non teñan contacto entre eles, non existiría problema en que traballasen ata un máximo de 25 persoas en cada unha destas pistas.**

## MÁSCARA

-  **A Federación Galega de Baloncesto dispón na súa páxina web da recomendación de dúas opcións diferenciadas de máscaras, as cales considera axeitadas para a práctica deportiva polas súas prestacións e requisitos a nivel de seguridade**
-  **A Federación Galega de Baloncesto xa dispón, de xeito público para a súa consulta, dun documento de adaptación das normas e do xogo ao emprego da máscara, así como a outras medidas necesarias establecidas no protocolo FISICOVID DXTGALEGO FGB. Este documento pode atoparse no apartado **NORMATIVA** da web oficial: [www.fegaba.com](http://www.fegaba.com)**
-  **A Federación Galega de Baloncesto, tras consulta coa Secretaría Xeral para o Deporte de cara a definir os criterios de emprego da máscara durante práctica deportiva para aquelas persoas que teñen exencións da mesma no uso xeral, traslada resposta: **no caso do deporte como actividade específica terán que practicalo con máscara, do contrario non poderán realizalo con contacto.****


# ACLARACIÓN A APLICACIÓN DO PROTOCOLO FISICOVID - DXTGALEGO FGB E Á POSTA EN MARCHA DAS COMPETICIÓN 2020 -2021


## COMPETICIÓN FGB - DATAS

 Sempre que a situación sanitaria o permita:

As Ligas Regulares de 3ª División Masculina, 2ª División Feminina e 2ª División Júnior comezarán o 13/12/20, para todos aqueles equipos que así o desexen. Ata o 01/12/20 os equipos poderán remitir a súa renuncia a participar nestas ligas.


As Ligas Regulares de 2º División Cadetes, Infantís, Minibasket e Preminibasket comezarán a partir do 17/01/21. Ata o 07/01/21 os equipos poderán remitir a súa renuncia a participar nestas ligas.


 As novas ligas "Coroaouro", de ámbito zonal ou interzonal, determinarán o seu formato a partir do mes de febreiro de 2021, unha vez todos os equipos teñan definido a súa participación.

 As Ligas de 1º División Masculina, 2º División Masculina e 1º División Autónoma Feminina comezarán o 22/11/20.

 As Ligas FGB de 1º División Júnior, Cadete, Infantil e Preinfantil comezarán o 22/11/20.

## COMPETICIÓN FGB - INSCRICIÓN

 A decisión por parte dun equipo de non inscribirse na competición 2020 -2021 non acarreará directamente a perda de categoría. Nesta situación, a Federación Galega de Baloncesto analizará e estudiará cada caso en particular.

 Os equipos que desexen beneficiarse do seguro deportivo XOGADE deberán estar inscritos como equipos federados na FGB, coas súas licencias debidamente dilixenciadas.